

# BOLETÍN INFORMATIVO

## I. AXUDAS E SUBVENCIONS:

- A. Axudas Acción Costeira.
- B. Plan Avanza 2.
- C. Axudas Destinadas a Actividades de Fomento da PRL.

## II. INFORMACIÓN DO SISTEMA ESPECÍFICO POR CESE DE ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

## III. INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DO FOGAR FAMILIAR

## IV. INFORMACIÓN SOBRE A LEI 7 DO TURISMO DE GALICIA

## I. AXUDAS E SUBVENCIONS:

### A. AXUDAS ACCIÓN COSTEIRA. PROXECTOS DINAMIZADORES DO LITORAL.

**Obxecto:** O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra é unha entidade colaboradora da Consellería de Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia para a xestión dun programa de axudas dedicado á actividades que contribúan ao desenvolvemento (sostible) da Ría de Pontevedra.

Son actividades subvencionables aquelas que teñan que ver coa creación ou mellora de empresas nos seguintes ámbitos:

1. **Competitividade do sector pesqueiro**, poden subvencionarse empresas que teñen a súa actividade neste sector especialmente aquelas dedicadas á comercialización e que propoñan novas canles de comercialización ou ofrezan valor engadido aos produtos da pesca.

2. **Diversificación de actividades**, dinamización económica, especialmente turismo e aquelas empresas que ofrezan servizos novos á poboación.

3. **Mellora do medio ambiente** co obxecto de protexer e mellorar o patrimonio natural, cultural e arquitectónico das zonas costeiras, así como restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais

4. **Promoción da igualdade**

5. **Promoción de competencias profesionais**

6. **Promoción da cooperación interrexional e transnacional.**

Os proxectos que persigan un beneficio económico poden subvencionarse ata o 60 % e ata o 100 % aqueles proxectos que persigan un beneficio social.

#### **Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios dos **proxectos produtivos** as persoas físicas ou xurídicas que cumpran, entre outros, os seguintes requisitos principais:

- Estar empadroadado ou ter a súa sede social nalgún concello do ámbito territorial do GAC correspondente.
- Desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.
- Cumprir os requisitos de PEME.

Poderán ser beneficiarios dos **proxectos non produtivos**: entidades públicas locais, confrarías de pescadores, asociacións do sector pesqueiro e asociacións declaradas de utilidade pública que, ademais, cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a súa sede social no ámbito territorial do GAC correspondente.
- Desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.



- c. Non estar incurso nalgunha das circunstancias dos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de marzo de 2013 (consultar). Dous prazos de avaliación anuais: consultar co GAC.

**Mais info:** [www.accioncosteira.es](http://www.accioncosteira.es) , [gac6@accioncosteira.es](mailto:gac6@accioncosteira.es)

**Outras zonas de actuación:**

- Zona 1: A Mariña-Ortega.....[gac1@accioncosteira.es](mailto:gac1@accioncosteira.es)
- Zona 2: Golfo Ártabro.....[gac2@accioncosteira.es](mailto:gac2@accioncosteira.es)
- Zona 3: Costa da Morte..... [gac3@accioncosteira.es](mailto:gac3@accioncosteira.es)
- Zona 4: Seo de Fisterra-Ría Muros-Noia...[gac4@accioncosteira.es](mailto:gac4@accioncosteira.es)
- Zona 5: Ría de Arousa....[gac5@accioncosteira.es](mailto:gac5@accioncosteira.es)
- Zona 6: Ría de Pontevedra....[gac6@accioncosteira.es](mailto:gac6@accioncosteira.es)
- Zona 7: Ría de Vigo - A Guarda...[gac7@accioncosteira.es](mailto:gac7@accioncosteira.es)

**B. PLAN AVANZA 2**

**Obxecto:** Concesión de axudas para proxectos e actuacións no campo das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) e a sociedade da información no marco da Estratexia do Plan Avanza2.

plan  
AVANZA2»»

**Beneficiarios:** Empresas, Pemes, microempresas, organismos de investigación (universidades, centros públicos I+D, centros privados de I+D sen ánimo de lucro e centros tecnolóxicos), outras entidades de dereito público, entidades privadas sen fins de lucro legalmente constituídas e outras asociacións empresariais.

**Prazo de presentación de solicitudes:** Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2015.

**Máis Información:** Orde ITC/3227/2011, BOE 284 do 27 de Novembro de 2011.

**C. AXUDAS DESTINADAS A ACTIVIDADES DE FOMENTO DA PRL.**

**Obxecto:** Axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais en Galicia, correspondentes ao exercicio de 2012 para a formación de traballadores/as galeg@s, estudos e traballos técnicos e de difusión, sensibilización e intercambio de experiencias (conferencias, xornadas, seminarios e publicacións).

- Subvencionaranse os salarios das persoas que se encarguen de accións de organización e supervisión das actividades formativas nun máximo do 30% do importe de cada nómina ou o 100%, no caso de que se proceda á contratación específica de persoal para a realización das devanditas funcións e polo tempo de vixencia do convenio de colaboración.



- Os gastos mensuais relativos á luz, teléfono, auga, mensaxaría, etc. poderanse imputar ata un máximo do 10% do importe total.
- Nos restantes gastos (docentes, alugueres ou arrendamentos de aulas, talleres, amortización de equipamentos didácticos, medios didácticos, gastos de transporte dos participantes, seguro de accidentes dos participantes, bens consumibles (material de protección e seguridade) e publicidade poderase imputar o 100% do gasto.



**Beneficiarios:**

- a) Fundacións sectoriais paritarias para a promoción da prevención da seguridade e saúde laboral, nadas da negociación colectiva ou de acordos sectoriais con sede e actividade en Galicia.
- b) Organizacións sindicais con representatividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto de carácter sectorial como intersectorial.
- c) Asociacións empresariais de ámbito galego, provincial ou autonómico, sectoriais ou intersectoriais, constituídas ao abeiro da Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, que recollan expresamente nos seus fins o fomento da prevención de riscos laborais.
- d) Asociacións profesionais de traballadores e traballadoras autónomas rexistradas segundo o establecido no Decreto 406/2009, do 2 de outubro, que recollan expresamente nos seus fins o fomento da prevención de riscos laborais.
- e) Asociacións profesionais de ámbito galego, provincial ou autonómico, sen ánimo de lucro, que agrupen a profesionais do ámbito da seguridade e saúde laboral.

**Prazo de presentación de solicitudes:** ata o 18 de Febreiro.

**Más Información:** *ORDE do 30 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a actividades de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2012. DOG nº11 do 17 de Xaneiro de 2012.*

**SISTEMA ESPECÍFICO POR CESE DE ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS.**

**Obxecto:** Proporcionar unha protección por cese de actividade legalmente recoñecida ós traballadores autónomos que consistiría no 70% da media das bases de cotización dos meses últimos 12 meses cotizados (mínimo para ter dereito a esta axuda).

**Beneficiarios:** O dereito á protección por cese de actividade recoñecerase ós traballadores autónomos nos que concorran os requisitos seguintes:

- a) Estar á fecha do cese de actividade afiliados, en situación de alta e cubertas as continxencias profesionais e a de cese de actividade, no Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, así como ós traballadores por conta propia incluídos no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.



- b) Solicitar a baixa no Réxime Especial correspondente a causa do cese de actividade.
- c) Ter cuberto o período mínimo de cotización por cese de actividade (12 meses).
- d) Encontrarse en situación legal de cese de actividade.
- e) Acreditar activa dispoñibilidade para a reincorporación o mercado de traballo, a través das actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora ás que poda convocarlle o Servizo Público de Emprego correspondente.
- f) Non ter cumprido a idade ordinaria para causar dereito á pensión contributiva de xubilación.

**Prazo e lugar de presentación de solicitudes:** O recoñecemento do dereito á protección pola situación legal de cese de actividade poderase solicitar ata o último día do mes seguinte o que se produxo o cese de actividade, mediante a cumprimentación do impreso de solicitude e a aportación dos documentos que se indican para cada suposto. A solicitude do recoñecemento do dereito realizarase na mesma Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social coa que se teñan cubertas as continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

**Más Información:** *Real Decreto 1541/2011, do 31 de outubro, polo que se desenrola a Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos. BOE 263 do 1 de Novembro do 2011.*

## INFORMACION SERVICIO DO FOGAR FAMILIAR

**Obxecto:** Regular a relación laboral especial que surxe no servizo do fogar familiar e que se concerta entre o titular do mesmo, como empregador, e o empregado que, dependentemente e por conta de aquel, presta servizos retribuídos no ámbito do fogar familiar. Entrou en vigor o 01 de Xaneiro do 2012

**Puntos principais:** **Ingreso ó traballo:** Os empregadores poderán contratar ós traballadores directamente ou por intermediación dos servizos públicos de emprego ou das axencias de colocación debidamente autorizadas.

**Forma do contrato:** O contrato de traballo poderá celebrarse por escrito ou de palabra. En defecto de pacto escrito, o contrato de traballo presumirase concertado por tempo indefinido e a xornada completa cando a súa duración sexa superior a catro semanas, salvo proba en contrario que acredite a súa natureza temporal ou o carácter a tempo parcial dos servizos.

**Duración do contrato e período de proba:** O contrato poderá celebrarse por tempo indefinido ou por duración determinada, nos termos previstos no Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenrolo. Poderá concertarse por escrito un período de proba nos termos do artigo 14 do Estatuto dos Traballadores que non poderá exceder de dous meses.



**Retribucións:** O Salario Mínimo Interprofesional é aplicable no ámbito desta relación laboral especial. Dito salario mínimo entendese referido á xornada de traballo completa, percibíndose a prorrata se realizase unha xornada inferior. Este salario poderá ser obxecto de mellora a través do pacto individual o colectivo. O empregado de fogar terá dereito a dúas gratificacións extraordinarias ó ano.

Para a retribución dos empregados de fogar que traballen por horas, en réxime externo, o salario mínimo de referencia será o que se fixe como salario mínimo interprofesional para os traballadores eventuais e temporeiros e empregados de fogar, que inclúe tódolos conceptos retributivos. Este salario mínimo aboarase integramente en metálico, en proporción ás horas efectivamente traballadas.

**Mais Información:** *Real Decreto 1620/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar. BOE 277 do 17 de Novembro de 2011.*

## INFORMACION LEI 7/11 DO TURISMO DE GALICIA

**Obxecto:** Planificación, ordenación, promoción e fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Aplicación:** As disposicións da presente lei aplicaranse ós seguintes suxeitos:

- Administracións, institucións e empresas públicas vinculadas o sector turístico.
- Empresas turísticas.
- Profesionais turísticos.
- Calquera entidade, empresarial o non, que preste servizos relacionados co turismo e sexa calificada pola administración con tal carácter.
- Usuarias e usuarios turísticos.



### **Puntos principais:**

**Creación do Consello do Turismo de Galicia**, adscrito á consellería competente en materia de turismo, como órgano colexiado e de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenrolo do turismo.

En orde a una adecuada ordenación do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia elaborará o **Plan de organización turística de Galicia**, establecendo as áreas turísticas en que se estruturará o territorio da Comunidade Autónoma, para definir actuacións de planificación, organización, inversión e promoción, co obxectivo de mellorar a oferta turística, a eficiencia do gasto público, a colaboración interadministrativa e a participación empresarial.

A consellería competente en materia de turismo poderá definir e crear denominacións de **xeodestinos turísticos** (áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar

fluxos turísticos e que, xunto a súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular), a proposta do órgano directivo competente en materia de turismo, que terán en conta as especiais características do territorio afectado pola denominación, as infraestruturas turísticas existentes e os seus recursos turísticos, así como o seu potencial desenrolo en produtos o segmentos turísticos altamente competitivos e calesqueira outras circunstancias que se determinen regulamentariamente.

Os territorios que polas súas especiais características demanden unha actuación específica e singular das administracións públicas con competencias en materia turística, a fin de garantir a execución dunha política turística común e especial, poderán ser declarados territorios de preferente actuación turística.

A Xunta de Galicia poderá declarar municipios turísticos a aqueles que cumpran cos requisitos que se fixen por vía reglamentaria e, como mínimo, os seguintes:

- a) Que o promedio ponderado anual de poboación turística sexa superior o 25% do número de veciños.
- b) Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior o 50% do número de veciños.
- c) Que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xenere unha cantidade de visitantes cinco veces superior a súa poboación, computada ó largo dun ano e repartida, o menos, en mais de trinta días.

A Administración da Xunta de Galicia promocionará a imaxe de Galicia como marca turística global nos mercados que estime axeitados e velará por unha elevación da calidade dos servizos.

**Mais Información:** *Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, BOE 291 do 03 de Decembro do 2011.*